



COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **50 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba sólo con **bolígrafo azul o negro**.
- No olvide realizar **todas** las tareas.
- Escriba sus respuestas en **la hoja de respuestas (reverso de esta página)**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: /20



FOLLA DE RESPOSTAS

<p>TAREFA DA PARTE 1.^a. <u>TENDAS</u></p> <p>Poña a letra do texto que corresponda á pregunta formulada (A, B, C, D, E ou F) no recadro correspondente, como no exemplo 0.</p> <p>(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)</p>			<p>..... / puntos</p>
	<p>Segundo a autora do artigo, a que tenda tes que ir se queres mercar ...</p>	<p>RESP.</p>	<p>CORR.</p>
0	<p><i>algo similar ao que lles encanta levar aos que veñen de visita?</i></p>	<p>B</p>	<p>✓</p>
1	<p>algún que outro CD?</p>		
2	<p>calquera obxecto que desprenda bo olor?</p>		
3	<p>nun local comercial tradicional compostelán?</p>		
4	<p>todos os agasallos sen saír da mesma rúa?</p>		
5	<p>todos os agasallos que precises nun mesmo local?</p>		
6	<p>un agasallo para ter unha deferencia contigo mesma/o?</p>		
7	<p>unhas cremas faciais e produtos para o cabelo?</p>		



TAREFA DA PARTE 2.^a. UN PASEO POLA PRAIA

..... / puntos

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 6 puntos)

		RESP. V / F	CORR.
0	<i>O autor foi á praia polo solpor.</i>	V	
1	A praia aínda estaba ateigada de xente.		
2	Chovía a cachón.		
3	O vento era máis notable na terra ca no mar, aínda que tamén provocaba ondas considerables.		
4	As gaivotas voaban moi alto e andaban moi revolucionadas.		
5	Casares preséntase como un home entendido no mundo marítimo.		
6	Segundo un amigo de Casares, salvo en certas tempadas, era habitual que as formigas foran ao forno á procura das faragullas de pan que quedaban despois de cocer.		



TAREFA DA PARTE 3.ª. DESACOUGO

..... / puntos

Escolla para cada espazo sombreado do texto a palabra correcta da columna da esquerda, como no exemplo 0. Teña en conta que cada vocábulo só se pode empregar unha vez e que dispón de tres máis dos que precisa.

(0,5 puntos cada ítem. Puntuación total: 7 puntos)

BANCO DE PALABRAS	
abonda	lousa
avante	malia
axiña	meu
beira	miña
calafrío	noitiña
comida	rocha
desacougo	sartego
intre	so
labor	van

	RESP.	CORR.
0	<i>comida</i>	✓
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		

PARTE 1.ª DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA Poña, <u>na folla de respostas</u> , a letra do texto que corresponda á pregunta formulada (A, B, C, D, E ou F) no recadro correspondente, como no exemplo 0. <p style="text-align: right;">(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)</p> / ... PUNTOS
--	--------------------

6 tendas na zona vella de Santiago para atopar o perfecto agasallo

Pode que a zona vella de Santiago xa non sexa exactamente como era 20 ou 30 anos atrás e que xa non sexa o lugar ao que unha ía mercar coa súa nai o mandilón da escola. Cada vez hai máis turistas e cada vez semella que hai máis recunchos exquisitos (tipo *gourmet*) e máis espazos para comprar recordos, pero a zona vella de Santiago continúa sendo un lugar para ir de compras.

Por suposto, isto é só unha selección de tendas.

A	Maravalla
Unha tenda na que resulta moi complicado non mercar todo canto teñen á venda. Xabóns, candeas de olor, produtos de cosmética... É un paraíso das cousas que recenden ben. Podes atopar moitas cousas para facer o agasallo perfecto, pero –para que mentir?– eu penso que o mellor é ir cunha mesma en mente. Autorregalos sempre!	

B	Boles, Artesanía útil
Preto de Catrineta, a tenda de conservas que dubidei se incluír (porque si é perfecta para facer agasallos <i>gourmet</i> , pero entón teríamos que ampliar o listado a cousas de comer e iso merece outra lista á parte. Tede en conta a Vide Vide tamén se o do comer e beber é o voso agasallo estrela). Non sei se abriron esta tenda pensando nos turistas (que si, son dos que tolean por este tipo de cousas), pero o certo é que tamén é unha opción para atopar cousas para regalar. Venden artesanía galega e moi especializada.	

C	Malvasia
Levan uns dous anos abertos, segundo me dixeron cando preguntei pensando que era unha novidade nunha rúa que pode que sexa a que che solucione todo o listado de	

agasallos por facer (o que me fixo autoprometerme –rollo Escarlata O’Hara– que ía pasear máis atenta pola zona vella). É unha tenda de cousas moi interesantes. Hai libros, roupa, deseño, ilustración, xoias...

D	Merlín e familia
----------	-------------------------

Esta tenda é un pouco o que Vaidhé é en Vigo: a tenda perfecta para facer compras para agasallos. Teñen unha selección moi coidada de artesanía, deseño e cousas moi bonitas que fan que sexa doado atopar algo para todos.

E	De cotío
----------	-----------------

Un clásico nas tendas de Santiago, pero non por iso menos relevante neste listado. O principal é neste caso a roupa, pero tamén teñen complementos, música ou xoias.

F	Ela Diz
----------	----------------

Tamén en Ela Diz o principal é a roupa. Xa falamos desta tenda cando estaba, nun principio, na zona vella, antes de que mudase para a rúa Nova. Emporiso, conta tamén cunha selección de artesanía galega e complementos que poden servir para atopar o agasallo perfecto.

Adaptación do artigo “6 tendas na zona vella de Santiago para atopar o perfecto agasallo” publicado por Raquel C. Pico, o 08/05/2019, na revista *Disquecool*

PARTE 2.ª DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA Indique, <u>na folla de respostas</u> , se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0. (1 punto cada ítem. Total: 6 puntos) / ... PUNTOS
---	--------------------

Un paseo pola praia

Onte aproveitei un momento pola tarde, a última hora, para ir pasear pola praia e descansar un pouco a cabeza. Como supuña non había ninguén. Chovía a cachos e o vento andaba algo tolo, pero non tanto como para causar dano ou facer algún *estropicio*, polo menos en terra, porque mar adentro avistei un barquiño de vela que subía e baixaba como desamparado, seguindo o compás rápido das ondas, coa proa enfilada cara a Baiona, á procura da tranquilidade do porto. Pensei que os tripulantes non o estarían pasando moi ben.

Na praia, en cambio, o ambiente era agradable. As gaivotas voaban raso e armaban unha algarabía tan escandalosa que parecía que se queixaban de algo. Tiven a seguridade de que a miña ignorancia me impedía entender o que estaba a suceder e que un mariñeiro podería interpretar con bastante precisión a conduta dos paxaros. Pasoume pola cabeza a idea de que tiñan fame.

Digo que se me pasou pola cabeza, pois foi só un momento, xusto o tempo de acordarme dun amigo, panadeiro de profesión, ao que lle oín dicir un día que na época da fame as formigas desapareceran do forno dos seus pais porque se varreron as faragullas do pan cunha vasoira para facer con elas a pasta das croquetas. Así que cheguei á conclusión de que, vivindo nunha época de abundancia, ese non era o problema das gaivotas. Menos mal. Só me faltaba saír para descansar e acabar pensando na fame. Aínda que sexa a dos paxaros.

Relato de Carlos Casares, “Un paseo pola praia”, publicado o 23 de maio de 1993 en *La Voz de Galicia* e recollido na obra xornalística II, no libro *Á marxe*, 1993

PARTE 3.ª DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA Escolla para cada espazo sombreado do texto a palabra correcta da columna da esquerda, como no exemplo 0 e <u>póñao na folla de respostas</u> . Teña en conta que cada vocábulo só se pode empregar unha vez e que dispón de tres máis dos que precisa. (0,5 puntos cada ítem. Puntuación total: 7 puntos) / ... PUNTOS
--	--------------------

Desacougo

A nosa nova situación obrigounos a racionar un pouco a 0 comida co fin de asegurarnos de que era 1 para finalizarmos con ben a nosa travesía polo deserto, pois parte da que levabamos quedara sepulta 2 a area. O único cambio con respecto á xornada anterior foi o de procurarmos para durmir un lugar protexido das posibles tormentas, aínda que ás veces non quedase xusto á 3 dun pozo ou dun oasis e tivésemos que desviarnos, antes de acamparmos ou ao día seguinte, para recollermos auga. Con todo a tormenta de area enchera de 4 a nosa expedición. Sóubeno á 5, cando paramos a descansar e fun buscar bebida para a miña señora. 6 o frío que se propagaba polo deserto coa caída do Sol, agradecín eu poder saír e desentumecer as miñas agarrotadas pernas. Mentres tiraba pola corda de onde colgaba o pesado balde cheo, sentín a doce voz de Noúr detrás 7:

-Que fai unha señora da vosa dignidade realizando tan duro traballo? -Moumeou.

E, aproveitando a impunidade que lle daba a escuridade, rodeou o meu 8 co brazo esquerdo mentres co dereito me axudaba a sacar a auga da fondura do pozo. Ao contacto coa súa pel, un 9 percorreu o meu espiñazo. Pechei os ollos e aspirei o seu cálido aroma.

Coa axuda de Noúr, rematei axiña o meu 10 e volvinme. Cara a el e cara aos seus bicos, que 11 me rozaron a pel. Querería eu que aquel 12 durase eternamente, pero os pasos de Lenar, que viña buscar auga para a cea, separáronnos. Noúr tomoume a man e tirou de min cara a unha 13 próxima, tras a que ocultarnos. Coas mans entrelazadas e o corazón acelerado agardamos que marchase a cociñeira. Despois Noúr acariñou o meu cabelo e dixo:

-Téñome que ir, e ti tamén. Ura ha de estar agardando por ti.

As súas palabras caeron coma unha 14, aínda que recoñecín que levaba razón.

Capítulo XIII "Desacougo" do libro *O ouro das lúas*, de Beatriz García Turnes

CHAVE DE RESPOSTAS

TAREFA DA PARTE 1.^a. TENDAS

Poña a letra do texto que corresponda á pregunta formulada (A, B, C, D, E ou F) no recadro correspondente, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

	Segundo a autora do artigo, a que tenda tes que ir se queres mercar ...	RESP.
0	<i>algo similar ao que lles encanta levar aos que veñen de visita?</i>	B
1	algún que outro CD?	E
2	calquera obxecto que desprenda bo olor?	A
3	nun local comercial tradicional compostelán?	E
4	todos os agasallos sen saír da mesma rúa?	C
5	todos os agasallos que precisen nun mesmo local?	D
6	un agasallo para ter unha deferencia contigo mesma/o?	A
7	unhas cremas faciais e produtos para o cabelo?	A

TAREFA DA PARTE 2.^a. UN PASEO POLA PRAIA

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F).
Poña V ou F, como no exemplo 0.

(1 punto cada ítem. Total: 6 puntos)

		RESP.
0	<i>O autor foi á praia polo solpor.</i>	V
1	A praia aínda estaba ateigada de xente.	F
2	Chovía a cachón.	F
3	O vento era máis notable na terra ca no mar, aínda que tamén provocaba ondas considerables.	F
4	As gaivotas voaban moi alto e andaban moi revolucionadas.	F
5	Casares preséntase como un home entendido no mundo marítimo.	F
6	Segundo un amigo de Casares, salvo en certas tempadas, era habitual que as formigas foran ao forno á procura das faragullas de pan que quedaban despois de cocer.	V

TAREFA DA PARTE 3.^a DESACOUGO

Escolla para cada espazo sombreado do texto a palabra correcta da columna da esquerda, como no exemplo 0. Teña en conta que cada vocábulo só se pode empregar unha vez e que dispón de tres máis dos que precisa.

(0,5 puntos cada ítem. Puntuación total: 7 puntos)

BANCO DE PALABRAS	
abonda	lousa
avante	malia
axiña	meu
beira	miña
calafrío	noitiña
comida	rocha
desacougo	sartego
intre	so
labor	van

RESP.	
0	comida
1	abonda
2	so
3	beira
4	desacougo
5	noitiña
6	malia
7	miña
8	van
9	calafrío
10	labor
11	axiña
12	intre
13	rocha
14	lousa



COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORALES

PRUEBA DE CERTIFICACIÓN

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **35 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba con **bolígrafo azul o negro**.
- Cada tarea se escuchará **dos veces**.
- Para cada una, el procedimiento será el siguiente:
 - **dos minutos** para leer el enunciado y la tarea
 - **primera escucha** del documento
 - **un minuto** para responder
 - **segunda escucha** del documento
 - **dos minutos** para revisar las respuestas y anotarlas en la **hoja de respuestas** (reverso de esta página)
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: /20



FOLLA DE RESPOSTAS

TAREFA 1.ª. Un día bo

Indique, poñendo A, B ou C, cal das tres opcións dadas é a correcta, segundo o que se escoita no documento sonoro, como no exemplo 0. Só unha é a válida.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

Fonte: relato contado por Sonia Rúa, pertencente ao audio libro *A casa de Mango Street*, de Sandra Cisneros.

.....
puntos

		RESP. A / B / C	CORR.
0	Para a pequena, o prezo da amizade fíxase		
	A. en cinco dólares.	A	✓
	B. en máis de cinco dólares.		
	C. nun bico grande.		
1	A bicicleta de Tito ten un custo de		
	A. cinco dólares.		
	B. dez dólares.		
C. quince dólares.			
2	Elas teñen os nocelos		
	A. ao aire libre.		
	B. cubertos polos mellores zapatos.		
C. de cor rosa.			
3	Ao final, a cativa fai un desembolso de		
	A. cinco dólares en total.		
	B. cinco dólares máis tres que ten aforrados e dous que lle presta Nenny.		
C. cinco dólares máis tres que ten aforrados e dous que lle rouba a Nenny.			
4	Unha vez que Cathy se vai, quedan alí		
	A. Esperanza, a súa irmá maior Lucy e Rachel.		
	B. Lucy, a súa irmá menor Rachel e Esperanza.		
C. Rachel, a súa irmá menor Lucy e Esperanza.			



5	As quendas de bicicleta establécense do seguinte xeito:		
	A. a última en usala será Esperanza, antes irá Lucy e de primeira Rachel.		
	B. a última en usala será Rachel, antes irá Lucy e de primeira Esperanza.		
	C. pasadomañá comezará Rachel, despois montará a súa irmá menor e, finalmente, Esperanza.		
6	Ao iren as tres xuntas na bicicleta,		
	A. diante vai Rachel, Esperanza detrás e Lucy dálles aos pedais.		
	B. Esperanza pedalea, Lucy guía e Rachel vai detrás.		
	C. Rachel guía, Lucy pedalea e Esperanza vai diante.		
7	No percorrido que fan, pasan, nesta orde, pola		
	A. casa de Esperanza, unha tenda, un bulevar, unha lavandaría, un comercio e unha botica.		
	B. casa de Rachel, un comercio, un bulevar, unha lavandaría, unha tenda de cousas usadas e unha farmacia.		
	C. tenda de Benny, a avenida, a lavandaría, un comercio, unha botica, unha tenda de cousas usadas e mais unha farmacia.		

TAREFA 2.^a. Elenita, cartas, palma, auga			
Indique se as seguintes aseveracións referidas ao documento son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0.			
(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)		
Fonte: relato contado por Sonia Rúa, pertencente ao audio libro <i>A casa de Mango Street</i> , de Sandra Cisneros.			puntos
	ASEVERACIÓNS	RESP. V / F	CORR.
0	<i>Cómpre limpar a mesa na que caeu a papa do neno.</i>	F	✓
1	Elenita non estivo alí o día anterior.		
2	Os bonecos do Entroido están tapados por mor de quedaren protexidos do neno.		
3	En Milwaukee elaboran un tipo de cervexa de calidade.		
4	A Elenita vanlle botar as cartas por vez primeira na súa vida.		
5	A protagonista non nota o frío.		



6	A bruxa ten a fórmula para atopar o amor.		
7	A bruxa non deu resposta ás dúbidas da protagonista.		

TAREFA 3.^a. A última casa que fixo o meu bisavó

Escriba unha resposta breve (máximo 5 palabras) para a pregunta formulada sobre o documento sonoro, como no exemplo 0. Ténteo facer coas súas propias palabras, non coas que escoita exactamente no audio.

(0,5 puntos cada ítem. Total: 6 puntos)

Fonte: www.vieiros.com. Contado por Xabier do Campo

.....
Puntos

	PREGUNTA	RESP.	CORR.
0	<i>Quen fixera a casa que foi ver o narrador?</i>	<i>Un devanceiro seu</i>	✓
1	Que lle fixo pensar que a casa debía levar moito tempo abandonada?		
2	Como lembra esa casa a muller que lla ensina?		
3	O home que mandara construír esa casa era moi rico, pois tiña...		
4	Que característica se resalta de dona Lucía?		
5	De quen estaba namorado o criado André?		
6	Por quen bebía os aires Áurea?		
7	Cantos anos tiña a filla de dona Lucía?		
8	Que lle confesou André a dona Lucía?		
9	Con que cousa se confortou moito dona Lucía?		
10	Que fixo André para amosar o seu amor?		
11	Como se sentiu Áurea?		
12	Como se sentiu dona Lucía?		



CHAVE DE RESPUESTAS

TAREFA 1ª. Un día bo

Indique, poñendo A, B ou C, cal das tres opcións dadas é a correcta, segundo o que se escoita no documento sonoro, como no exemplo 0. Só unha é a válida.

(1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

Fonte: relato contado por Sonia Rúa, pertencente ao audio libro *A casa de Mango Street*, de Sandra Cisneros.

		RESP. A / B / C
0	Para a pequena, o prezo da amizade fíxase	
	A. en cinco dólares.	A
	B. en máis de cinco dólares.	
	C. nun bico grande.	
1	A bicicleta de Tito ten un custo de	
	A. cinco dólares.	C
	B. dez dólares.	
	C. quince dólares.	
2	Elas teñen os nocelos	
	A. ao aire libre.	A
	B. cubertos polos mellores zapatos.	
	C. de cor rosa.	
3	Ao final, a cativa fai un desembolso de	
	A. cinco dólares en total.	A
	B. cinco dólares máis tres que ten aforrados e dous que lle presta Nenny.	
	C. cinco dólares máis tres que ten aforrados e dous que lle rouba a Nenny.	
4	Unha vez que Cathy se vai, quedan alí	
	A. Esperanza, a súa irmá maior Lucy e Rachel.	B
	B. Lucy, a súa irmá menor Rachel e Esperanza.	
	C. Rachel, a súa irmá menor Lucy e Esperanza.	
5	As quendas de bicicleta establécense do seguinte xeito:	
	A. a última en usala será Esperanza, antes irá Lucy e de primeira Rachel.	A
	B. a última en usala será Rachel, antes irá Lucy e de primeira Esperanza.	
	C. pasadomañá comezará Rachel, despois montará a súa irmá menor e, finalmente, Esperanza.	



6	Ao iren as tres xuntas na bicicleta,	A
	A. diante vai Rachel, Esperanza detrás e Lucy dálles aos pedais.	
	B. Esperanza pedalea, Lucy guía e Rachel vai detrás.	
	C. Rachel guía, Lucy pedalea e Esperanza vai diante.	
7	No percorrido que fan, pasan, nesta orde, pola	A
	A. casa de Esperanza, unha tenda, un bulevar, unha lavandaría, un comercio e unha botica.	
	B. casa de Rachel, un comercio, un bulevar, unha lavandaría, unha tenda de cousas usadas e unha farmacia.	
	C. tenda de Benny, a avenida, a lavandaría, un comercio, unha botica, unha tenda de cousas usadas e mais unha farmacia.	

TAREFA 2.^a. Elenita, cartas, palma, auga

Indique se as seguintes aseveracións referidas ao documento sonro son verdadeiras (V) ou falsas (F). Poña V ou F, como no exemplo 0. (1 punto cada ítem. Total: 7 puntos)

Fonte: relato contado por Sonia Rúa, pertencente ao audio libro *A casa de Mango Street*, de Sandra Cisneros.

	ASEVERACIÓNS	RESP. V / F
0	<i>Cómpre limpar a mesa na que caeu a papa do neno.</i>	F
1	Elenita non estivo alí o día anterior.	F
2	Os bonecos do Entroido están tapados por mor de quedaren protexidos do neno.	F
3	En Milwaukee elaboran un tipo de cervexa de calidade.	V
4	A Elenita vanlle botar as cartas por vez primeira na súa vida.	F
5	A protagonista non nota o frío.	V
6	A bruxa ten a fórmula para atopar o amor.	F
7	A bruxa non deu resposta ás dúbidas da protagonista.	V



TAREFA 3.^a. A última casa que fixo o meu bisavó

Escriba unha resposta breve (máximo 5 palabras) para a pregunta formulada sobre o documento sonoro, como no exemplo 0. Ténteo facer coas súas propias palabras, non coas que escoita exactamente no audio. (0,5 puntos cada ítem. Total: 6 puntos)

Fonte: www.vieiros.com. Contado por Xabier do Campo

	PREGUNTA	RESP.
0	<i>Quen fixera a casa que foi ver o narrador?</i>	<i>Un devanceiro seu [O seu bisavó (sic)]</i>
1	Que lle fixo pensar que a casa debía levar moito tempo abandonada?	Estaba chea / inzada de silvas [as silvas xa se fixeran con todo (sic)]
2	Como lembra esa casa a muller que lla ensina?	Sempre sen ninguén nela / baleira [sen xente (sic)]
3	O home que mandara construír esa casa era moi rico, pois tiña...	Máis posesións [2 ou 3 casas a maiores cos seus lugares (sic)]
4	Que característica se resalta de dona Lucía?	A súa fermosura [moita beleza (sic)]
5	De quen estaba namorado o criado André?	Da súa señora / da súa ama [de dona Lucía (sic)]
6	Por quen bebía os aires Áurea?	Polo criado André [está presa de amores polo seu criadiño (sic)]
7	Cantos anos tiña a filla de dona Lucía?	Aproximadamente 15 [andaría polos 15 (sic)]
8	Que lle confesou André a dona Lucía?	O amor por ela / que a amaba / que estaba namorado dela [para lle confesar o seu amor (sic)]
9	Con que cousa se confortou moito dona Lucía?	Con agarimos / aloumiños [compraceuse nas súas caricias (sic)]



10	Que fixo André para amosar o seu amor?	Púxose na almofada e faleceu / na cama [debruzouse na almofada e morreu (<i>sic</i>)]
11	Como se sentiu Áurea?	Con moita dor [dorida (<i>sic</i>)]
12	Como se sentiu dona Lucía?	Desacougada / con desespero [desesperada (<i>sic</i>)]



MEDIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **25 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba con **bolígrafo azul o negro**.
- Recuerde: **si no cumple la tarea**, la calificación será 0.
- Escriba sus respuestas en **la hoja de respuestas**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN MEDTE: /10

PUNTUACIÓN MEDTO: /10

PUNTUACIÓN TOTAL MEDIACIÓN: /20
--

PRUEBA DE CERTIFICACIÓN



CONTEXTO: Vostede forma parte do cadro de persoal dunha universidade galega. Con motivo do **Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia** le o seguinte artigo que versa sobre ese tema.

TAREFA: A partir deste texto, **deberá elaborar outro** para enviarlle a un colega seu doutra universidade, a fin de que realice algunha actividade sobre este día.

OBSERVACIÓNS: Non repita literalmente as palabras do texto fonte nin engada, **máis que as imprescindibles**, ideas propias ou información que non sexan as dadas no texto.

EXTENSIÓN DO TEXTO A REALIZAR: 100 PALABRAS

TEMPO PARA A ELABORACIÓN DO SEU TEXTO: 25 MINUTOS

..... /

10 puntos

Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

As universidades galegas organizan distintas actividades para conmemorar o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. A Universidade da Coruña preparou dúas pezas audiovisuais dirixidas a escolares nas que investigadoras contan dunha maneira sinxela e próxima a súa traxectoria científica e vital e os seus logros profesionais e relatan anécdotas co obxecto de incentivar a curiosidade pola profesión investigadora e científica. A iniciativa “Atrévete a pescudar con elas!” busca que os centros visualicen estes vídeos e o alumnado participe enviando as súas preguntas ás científicas.

Así mesmo, numerosas científicas da Universidade de Coruña están a participar en diversas iniciativas que están a dar a coñecer a ciencia da man de mulleres. É o caso do ciclo “Recoñéceas”, no que unha decena de investigadoras da UDC protagonizaron diversos talleres en liña dirixidos a centros educativos.

Na USC céntranse en dar a coñecer a traxectoria de científicas que se atopan en diversos intres da súa carreira. A táboa redonda “De nenas a investigadoras: o camiño da ciencia” busca achegar as experiencias de investigadoras de diferente perfil e etapa profesional na USC, co obxectivo de promover vocacións científicas entre as rapazas novas.

Adaptación dun artigo de Marcos Pérez Pena publicado no xornal *Praza Pública*, o 10 de febreiro de 2021.



MEDIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS – CLAVES DE CORRECCIÓN

IDEAS PRINCIPALES A EVALUAR

EL CANDIDATO DEBE:

- Explicar y reformular conceptos principales del texto como: **“explicar”**, **“sugerir”**, **“proponer”**, **“aconsejar”**.
- Utilizar ejemplos para explicar cada concepto.
- **Adecuar el vocabulario** y las estructuras al nivel del destinatario (en este caso, **es una persona que se sobrentiende que tiene sus mismos conocimientos, ya que los dos son profesores de gallego**)

EL CANDIDATO NO DEBE:

- **Repetir literalmente las palabras del texto fuente.**
- **Añadir ideas propias ni información que no esté incluida en el texto fuente**, salvo para facilitar la correcta transmisión de la información.

Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

As universidades galegas organizan distintas actividades para conmemorar o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. A Universidade da Coruña preparou dúas pezas audiovisuais dirixidas a escolares nas que investigadoras contan dunha maneira sinxela e próxima a súa traxectoria científica e vital e os seus logros profesionais e relatan anécdotas co obxecto de incentivar a curiosidade pola profesión investigadora e científica. **A iniciativa “Atrévete a pescudar con elas!” busca que os centros visualicen estes vídeos e o alumnado participe enviando as súas preguntas ás científicas.**

Así mesmo, numerosas científicas da Universidade de Coruña están a participar en diversas iniciativas que están a dar a coñecer a ciencia da man de mulleres. É o caso do ciclo “Recoñéceas”, no que unha decena de investigadoras da UDC protagonizaron diversos talleres en liña dirixidos a centros educativos.

Na USC céntranse en dar a coñecer a traxectoria de científicas que se atopan en diversos intre da súa carreira. **A táboa redonda “De nenas a investigadoras: o camiño da ciencia” busca achegar as experiencias de investigadoras de diferente perfil e etapa profesional na USC, co obxectivo de promover vocacións científicas entre as rapazas novas.**

Adaptación dun artigo de Marcos Pérez Pena publicado no xornal *Praza Pública*, o 10 de febreiro de 2021.



PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

DATOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Enseñanza LIBRE / OFICIAL

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE LA ACTIVIDAD

- Duración: **60 minutos**
- Apague su **teléfono móvil**.
- Escriba sólo con **bolígrafo azul o negro**.
- No olvide realizar **las dos tareas**.
- Recuerde: **si no cumple la tarea**, la calificación será 0.
- Escriba sus respuestas en **la hoja de respuestas (reverso de esta página)**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL: / 20



TAREFA 1	Escríballe unha carta , de 130 palabras de extensión , a unha filla súa que está estudando fóra. Nela debe darlle algúns consellos relacionados coa alimentación saudable que vostede cre que debe seguir. / 10 puntos
-----------------	--	-------------------------

TAREFA 2	Despois de ler o seguinte artigo nunha revista de viaxes, vostede decide escribirlle un correo electrónico á súa parella, de 80 palabras de extensión , pensando nas vindeiras vacacións. Nel, deberá: <ul style="list-style-type: none">➤ Suxerir algún posible destino e xustificalo.➤ Propoñer as datas de realización da viaxe.➤ Escoller o medio de transporte para o desprazamento. / 10 puntos
-----------------	---	-------------------------

O verán é a época estrela para as viaxes e a praia é un destino estrela, pero non o único.

Praia ou destino cultural? Búscase unha opción que combine ambas as opcións pero, sen dúbida, a praia é especialmente importante. No caso de familias con nenos, as Canarias ou as Baleares están entre os destinos máis demandados.

As capitais europeas, como Roma ou Grecia, gañan adeptos, mentres se consolidan destinos caribeños e combinados que inclúen Nova York e México.

Os cruceiros tamén conquistan os turistas; é unha forma de viaxar moi cómoda, que permite coñecer diferentes lugares.

Con todo, aproximadamente só un 30% dos viaxeiros ten a idea fixa dun destino

Adaptación de *Faro de Vigo*, 1 de xullo de 2018



PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

CLAVES DE CORRECCIÓN

TAREA 1

- Saludar, despedirse, dirigirse a alguien y llamar la atención del interlocutor con el tratamiento adecuado, de acuerdo con el grado de conocimiento y del tipo de relación y en diferentes registros y canales.
- Dar información sobre un aspecto concreto: comida saludable y adaptarlo al contexto.
- Comparar comidas y exponer pros y contras.
- Explicar las causas, finalidades y consecuencias.
- Expresar objeción y reticencias.
- Expresar grados de certeza, duda e incredulidad.
- Expresar, justificar, defender y contrastar hechos y opiniones.
- Hacer suposiciones y plantear hipótesis.
- Preguntar y expresar posibilidad y probabilidad de hacer algo.
- Elogiar o hacer lo contrario.

TAREA 2

FUNCIONES

- Saludar, despedirse, dirigirse a alguien y llamar la atención del interlocutor con el tratamiento adecuado, de acuerdo con el grado de conocimiento y del tipo de relación y en diferentes registros y canales.
- Proponer un lugar para ir de vacaciones y justificar su elección.
- Pedir y dar información sobre ese u otros lugares posibles.
- Comparar lugares y exponer pros y contras.
- Proponer fechas, por lo tanto: relacionar acciones en el presente, en el pasado y en el futuro.
- Explicar las causas, finalidades y consecuencias.
- Expresar objeción y reticencias, grados de certeza, duda e incredulidad.
- Justificar, defender y contrastar hechos y opiniones.
- Hacer suposiciones y plantear hipótesis.
- Invitar al acuerdo o desacuerdo y predecir.
- Preguntar y expresar posibilidad y probabilidad.
- Valorar ideas, hechos, servicios y acontecimientos.
- Elogiar y su contrario.



PRUEBA DE CERTIFICACIÓN – BLOQUE B

MEDIACIÓN DE TEXTOS ORALES

CONTEXTO: Vostede precisa mercar un ordenador portátil e estivo a procurar información.

TAREFA: Resuma o seguinte artigo para explicarllo a un amigo que tamén quere facer o mesmo.

Miniordenador portátil

O seu prezo non supera os 400 euros, o seu peso apenas pasa do quilogramo e as súas dimensións son tan pequenas que caben nun bolso ou nun maletín.

Alén das vantaxes non é un substituto dun ordenador de sobremesa ou dun portátil convencional. Debido ao seu reducido tamaño, a súa memoria é limitada, dado que o disco duro é unha das partes máis pesadas e caras dun ordenador. Por iso diminúe a capacidade de almacenaxe nestes ultralixeiros.

Aspectos que convén valorar na compra dun portátil ultralixeiro:

A conectividade: deben ter, como mínimo, dous portos USB para poder conectar cun disco duro externo e un rato, xa que o seu dispositivo táctil non é cómodo de usar. Tamén deben dispor de conectividade Wi-Fi e, se pode ser, vía porto ethernet. 9000

O peso: mentres non supere os 1,3 quilogramos, o aparello é cómodo de transportar.

O tamaño: debe ser semellante ao tamaño dun bolso de man de señora, para que caiba en todos os lugares.

Autonomía da batería: a media sitúase nas tres horas de duración a pleno rendemento e co detector de redes Wi-Fi aceso.

Tipo de memoria: canto maior sexa a capacidade do disco duro, mellor. O problema é que o prezo se pode disparar.

Programas por defecto: hai que comprobar que o ordenador se vende con programas abondos de serie, como un navegador, un procesador de textos ou un reprodutor multimedia.

Entradas de audio e de vídeo: se se desexan realizar chamadas por Internet e videoconferencias, cómpre que o aparello dispoña dunha cámara instalada e que o ordenador inclúa entrada de audio por micrófono e saída por altosfalantes.

Texto adaptado de revista *Eroski Consumer*



PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (MONÓLOGO)

CONTEXTO: Estas tres fotografías muestran dous xeitos de pasar as vacacións.

TAREFA: Trate os seguintes puntos:

- Que prefire vostede, praia, montaña ou visitas culturais?
- Cal escollería se viaxase coa súa parella? E cun grupo de amigos? Por que?
- Cales son as vantaxes e os inconvenientes de cada unha das opcións?

Compare, contraste e xustifique a súa opinión.





COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (DIÁLOGO)

ENUNCIADO CANDIDATO A

CONTEXTO: Vostede e o/a seu/súa colega van estudar o próximo curso académico no estranxeiro e teñen pensado compartir casa. Reúñense para falar do tipo de aloxamento que escollerán.

TAREFA: Debata co/a seu/súa colega, ata chegar a un acordo, o tipo de aloxamento que mellor lles acaerá.

- Unha casa dos arredores da vila de catro cuartos, que poderán compartir con outras dúas persoas, e que lles custará ao redor de 800 € ao mes.



ENUNCIADO CANDIDATO B

CONTEXTO: Vostede e o/a seu/súa colega van estudar o próximo curso académico no estranxeiro e teñen pensado compartir casa. Reúñense para falar do tipo de aloxamento que escollerán.

TAREFA: Debata co/a seu/súa colega, ata chegar a un acordo, o tipo de aloxamento que mellor lles acaerá.

- Un apartamento de dous cuartos no centro da vila, que lles custará ao redor de 600 € ao mes.

